

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

ORDE do 15 de novembro de 2023 pola que se publica a resolución pola que se resolven as axudas correspondentes á modalidade A do programa Retorna Talento FP, establecidas na Orde do 4 de agosto de 2023.

Mediante a Orde do 4 de agosto de 2023 (DOG do 18 de agosto) establécese o procedemento para a adxudicación de axudas para persoas galegas residentes no estranxeiro interesadas en retornar e cursar certos estudos de formación profesional no curso académico 2023/24 en centros educativos de Galicia (código de procedemento ED333B).

O artigo 15 establece que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola cal se resolve cada unha das modalidades da convocatoria, coa lista de persoas beneficiarias, a lista de suplentes, así como a lista de solicitudes denegadas.

En virtude do exposto anteriormente,

RESOLVO:

Primeiro. Concederlles as axudas correspondentes á modalidade A do programa ás persoas que se relacionan no anexo I e denegárllelas ás persoas que se relacionan no anexo II desta orde, polas causas especificadas. Así mesmo, estas listas publicaranse no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <https://www.edu.xunta.gal/portal/>

A dotación, a contía, a distribución dos pagamentos e as condicións para a adxudicación das axudas serán as establecidas na Orde do 4 de agosto de 2023.

Segundo. A publicación da lista de persoas adxudicatarias terá os mesmos efectos que a notificación, segundo se establece no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición, ante a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos



artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, consonte a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2023

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022; DOG nº 151, do 9 de agosto)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura,
Educación, Formación Profesional e Universidades

ANEXO I
**Adxudicación de axudas correspondentes á modalidade A
do programa Retorna Talento FP 2023/24**

Persoas beneficiarias das axudas con adxudicación no centro 15024513-CIFP Some-
so.

Apelidos	Nome
Penas Errazquin	Nahuel Eliseo
Torres Rojas	María del Carmen
Vázquez Ramil	Daniel

Persoas beneficiarias das axudas con adxudicación no centro 15005749-CIFP Univer-
sidade Laboral.

Apelidos	Nome
Andrade Ruffo	Roelquis
Cordero Jamardo	Facundo
Cordero Jamardo	Franco Exequiel
Diéguez Blanco	Pablo Emmanuel
Dominici Heckmann	Mariano Agustín
González Luriaud	Ezequiel
Grieco González	Nicolás Andrés
Rodríguez Fernández	Osiel



Apelidos	Nome
Rodríguez Fernández	Osniel
Vázquez Méndez	Rodrigo

ANEXO II
Relación de solicitudes excluídas e motivos de exclusión

Apelidos	Nome	Motivo de exclusión
Aquino Vázquez	Magalí Nerea	3
Castiñeira Marcano	José Jonás	3
Fernández Ramos	José Ignacio	3
Freire Iorio	Lucas	3
Guerrero Alonso	Luca	3
López Soneira	Luís Ernesto	3
Méndez Lopes	Vicente	3
Núñez Cid	Joaquín	3
Otero Acosta	Federico Nahuel	3
Otero Canata	Juliana Sol	3
Perugorria Pans	Germán	3
Pontes Costa	João Víctor	3
Touceda Algieri	Miguel Ángel	2

Motivos de exclusión:

1. Solicitud presentada fóra de prazo.
2. A persoa solicitante non é menor de 40 anos.
3. A persoa solicitante non emendou a documentación requirida.

